



O seguinte documento da resposta ás principais preguntas que se poden prantexar sobre a recarga municipal ao imposto ás estadías turísticas en Santiago de Compostela, que comeza a aplicarse o 1 de outubro de 2025.

Que é a recarga municipal ao imposto autonómico ás estadías turísticas?

A comunmente coñecida como “taxa turística” é un tributo que se aplica ás persoas que se aloxan nos establecementos turísticos dun destino. Trátase dun imposto instaurado dende hai décadas en multitude de cidades de todo o mundo.

En Santiago de Compostela este tributo configúrase como unha recarga municipal ao imposto galego sobre estadías turísticas. O imposto galego creouse na Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas, e a recarga municipal na Ordenanza reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas aprobada o 31 de xullo de 2025.

Por que un imposto ás estadías turísticas agora en Santiago de Compostela?

Nos últimos anos estase producindo un crecemento moi forte da demanda turística na cidade. Este crecemento, xunto coas súas vantaxes, trae tamén unha serie de novos retos para o modelo turístico da cidade e un incremento dos custos de servizos básicos para o Concello. Neste contexto, o imposto ás estadías turísticas é unha ferramenta social pensada para que as persoas que pernoctan na cidade fagan unha pequena achega para colaborar no desenvolvemento dun modelo turístico sustentable.

Quen paga a recarga municipal ao imposto autonómico ás estadías turísticas?

As persoas que se aloxen en aloxamentos turísticos de Santiago de Compostela (hoteis, pensións, albergues, campamentos, establecementos



de turismo rural, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e viviendas de uso turístico).

Cando entra en vigor a recarga municipal ao imposto autonómico ás estadias turísticas?

A partir do 1 de outubro do 2025.

Cal é o importe da recarga municipal ao imposto autonómico ás estadias turísticas en Santiago de Compostela ?

O importe depende do tipo de aloxamento e será, como máximo, por cinco estadias.

Tipo de establecemento	Tarifa
Hoteis 5 estrelas superior	2,5 €
Hoteis 5 estrelas	2,5 €
Hoteis 4 estrelas superior	2,5 €
Hoteis 4 estrelas	2 €
Hoteis 3 estrelas superior	2 €
Hoteis 3 estrelas	2 €
Hoteis 2 estrelas superior	2 €
Hoteis 2 estrelas	1,5 €
Hoteis 1 estrela superior	1,5 €
Hoteis 1 estrela	1,5 €
Pensións	1,5 €
Albergues	1 €
Campamentos de turismo	1 €
Establecementos de turismo rural	1 €
Apartamentos turísticos	1 €
Vivendas turísticas	1 €
Vivendas de uso turístico	2 €

Hai excepcións?

Si. A recarga municipal ao imposto autonómico ás estadias turísticas non se pagará nos seguintes casos:



1. Por motivos de saúde.
2. Pola participación nunha competición deportiva oficial.
3. Por unha causa de forza maior.
4. No caso de menores de idade.
5. No caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
6. As estadías subvencionadas por unha administración pública.
7. As estadías nos Albergues públicos da Xunta de Galicia.
8. As estadías nos Albergues xuvenís.

A que dedicará o Concello de Santiago de Compostela o recadado?

O 80% do recadado, unha vez deducido os custos asociados a súa aplicación, dedicarase ao desenvolvemento dun modelo turístico sustentable, que respecte o patrimonio da cidade e integre dun xeito harmónico a vida cotiá da veciñanza e os fluxos turísticos.

Participan o sector e a veciñanza no asesoramento e control do destino do recadado?

Si, no marco do Foro Municipal de Turismo Sustentable, que se constituirá como órgano colexiado de participación, asesoramento, proposta e debate en todas as materias relacionadas co turismo que afectan ao concello de Santiago de Compostela. O Foro Municipal de Turismo inclúe axentes económicos, entre os que destacan os relacionados co sector turístico, así como sociais, veciñais e institucionais.

Cal é o papel dos aloxamentos?

Os aloxamentos son os encargados de cobrar a recarga municipal ao imposto autonómico ás estadías turísticas e facer as autoliquidacións correspondentes.

Cales son os períodos de autoliquidacións e pago para os aloxamentos?



Establécense dous periodos semestrais: o primeiro do 1 de xaneiro ao 30 de xuño, e o segundo do 1 de xullo ao 31 de decembro. O período para a autoliquidación e pago do primeiro semestre é do 1 ao 20 de xullo. O período para a autoliquidación e pago do segundo semestre é do 1 ao 20 de xaneiro do ano seguinte.

Onde teñen que facer as autoliquidacións os aloxamentos?

Na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

Onde pode ter máis información?

<https://www.santiagoturismo.com>